

Sociolingüística galega. Problemas e pescudas

Galician sociolinguistics. Problems and research

Sociolingüística gallega. Problemes i recerques

Henrique MONTEAGUDO

Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela

Data de recepció: 10 de març de 2012

Data d'acceptació: 25 de març de 2012

RESUMO

No presente contributo imos presentar un panorama, necesariamente breve e talvez parcial, e un balance, obrigatoriamente provisorio, dos estudos de sociolingüística galega. O panorama ofrécese máis como unha especie de «estado da arte» ca como un relatorio de proxectos en curso. Xa que logo, trataremos de desenvolver un apertado relato histórico do desenvolvemento do noso campo de estudo en Galicia, dos resultados máis relevantes que obtivo e dos debates de maior alcance. Non se impaciente o/a lector/a se nos detemos con certo vagar nas reflexións formuladas e nos debates trabados nos primeiros tempos, pois en boa parte unhas e outros acoutaron o campo e construíron o marco de intelección en que se desenvolveu a sociolingüística galega nas últimas décadas. Dado o carácter do traballo, presentarase unha bibliografía extremadamente sucinta. Con certeza, existe un senso de xustiza histórica no feito de que este relatorio se veña presentar e publicar a Barcelona, pois a sociolingüística galega naceu e se desenvolveu en boa parte baixo a inspiración da sociolingüística catalá.

PALABRAS CLAVE: sociolingüística galega, estado da arte, bibliografía.

ABSTRACT

In this paper, we present a brief and perhaps partial overview of Galician sociolinguistics as well as a necessarily provisional assessment. The overview sets out to present a “state of affairs” rather than a catalogue of current studies. We attempt to illustrate the dense historical background of how our field of studies has developed in Galicia, from the most significant results achieved and from the debates of widest scope. We ask the reader to kindly bear with us if we stop to analyse in detail the considerations that were raised and the questions that were posed initially, as both define the field of work and build the intellectual framework in which Galician sociolinguistics has developed over the past few decades. Given the character of the work, a very succinct bibliography is presented. Moreover, it is true to say that there is a certain

sense of historic justice as this “state of affairs” is published in Barcelona and Galician sociolinguistics has taken its inspiration from its Catalan counterpart.

KEY WORDS: Galician sociolinguistics, state of affairs, bibliography.

RESUM

En aquesta contribució presentem un panorama, necessàriament breu i tal vegada parcial, i un balanç obligatòriament provisional dels estudis de sociolingüística gallega. El panorama es presenta més com una mena d'«estat de la qüestió» que com un reguitzell de projectes en curs. Tractarem d'esbossar un dens relat històric del desenrotllament del nostre camp d'estudis a Galícia, dels resultats més rellevants que s'hi han obtingut i dels debats de més abast. Preguem al lector o lectora que no s'impacientï si ens aturem amb detall en les reflexions que es van formular i en els debats que es van plantejar en els primers temps, ja que, en bona part, les unes i els altres delimitaren el camp i construïren el marc intel·lectual en què es va desenvolupar la sociolingüística gallega en les darreres dècades. Atès el caràcter del treball, s'hi presentarà una bibliografia extremadament succinta. Certament, existeix un cert sentit de justícia històrica en el fet que aquest estat de la qüestió es publiqui a Barcelona, perquè la sociolingüística gallega ha nascut i s'ha desenvolupat inspirant-se en la sociolingüística catalana.

PARAULES CLAU: sociolingüística gallega, estat de la qüestió, bibliografia.

1. A PERSPECTIVA SOCIOLINGÜÍSTICA: PRIMEIRA FORMULACIÓN (1967)

Os antecedentes inmediatos da sociolingüística galega sitúanse na década dos '60, cando comeza a xurdir con certa amplitude un movemento cultural que se sitúa fóra dos parámetros do réxime franquista —apoiado na articulación de partidos políticos democráticos na clandestinidade— que tomou como unha das súas bandeiras a reivindicación do uso público do idioma galego. En 1963, comeza a editarse a primeira publicación que ten como obxecto específico servir de elemento articulador da cultura galega e en galego, a revista *Grial*, que aínda existe hoxe en día e da que teño a honra de ser codirector. Por outra banda, a partir do curso 1965/1966, comezan a ofrecerse as materias de lingua e literatura galega, con carácter opcional, para os estudantes da recentemente fundada sección de Filoloxía da Universidade de Santiago.

Esas primeiras iniciativas colocan xa algunhas cuestións que suxiren reflexións de carácter que hoxe diríamos *sociolingüístico*. Así, por unha banda, cómpre elaborar materiais de estudo, e por tanto resolver problemas básicos da lingua escrita como é a fixación gramatical e ortográfica do idioma (por caso e por sinal, a *Gramática elemental del gallego común* publícase en 1966, da man de Ricardo Carballo Calero, profesor encargado da docencia universitaria de lingua e literatura galegas). Ademais, hai que confrontar as dificultades derivadas do contacto lingüístico entre o galego e o castelán, e de aí os primeiros ensaios de lingüística contrastiva e incursións na problemática das interferencias lingüísticas (Alonso, 1966).

O texto probablemente máis representativo deste período, desde o punto de vista que hoxe nos aquece, é o discurso de ingreso de Ramón Piñeiro na Real Academia Galega, lido en 1967, baixo o título de «A linguaxe e as linguas» (Piñeiro, 1967). Neste discurso, o intelectual galeguista reflexiona sobre a situación do idioma do país, e ao facelo introduce unha serie de nocións cun indubidábel cariz sociolingüístico, que serán retomadas unha e outra vez nas décadas posteriores (Santamarina Fernández, 1998; Monteagudo, 2007). Piñeiro propónse analizar «a *actitude* do pobo galego verbo da súa lingua», e ponse a diseccionar tres tipos de *prexuízos* que condicionan esa actitude: *a*) o prexuízo sociolóxico, *b*) o prexuízo lingüístico e *c*) o prexuízo ideolóxico.

O primeiro, o prexuízo sociolóxico, aséntase na utilización da lingua castelá como *arma de distinción* por parte dos grupos sociais privilexiados, segundo o autor, «esta discriminación social por medio da diferenciación lingüística tivo como resultado o complexo colectivo de inferioridade que tan arraigado está na alma galega». Ese sentimento de inferioridade induciría unha actitude de *resignada pasividade* no pobo galego falante, e de *autodesfiguración mimética*, que apuxa cara á *asimilación imitativa*, das elites sociais castelanizadas.

Resume Piñeiro: «Sentimento de inferioridade e comportamento servil. Velaí as graves taras psicolóxicas do pobo galego.» Como vemos, ao tocar estes puntos, o intelectual galeguista achégase aos terreos da antropoloxía e da psicoloxía social. Pero ao referirse ao *prestixio* cultural do castelán e ao *desprestixio* social do galego, que asocia á súa exclusión do sistema educativo, os medios de comunicación de masas (prensa e radio, pero tamén televisión, novidade naquel momento) e das actividades de culto (o silencio acerca das administracións públicas é obrigado no contexto da Ditadura), ao referirse a estes asuntos, dicía, Piñeiro apunta xa con decisión cara a unha análise propiamente sociolingüística.

Canto ao prexuízo lingüístico, o autor critica o *escepticismo* reinante sobre as posibilidades de promoción do galego, fundado na situación de polimorfismo dialectal e mais na anarquía ortográfica que reinaba na lingua escrita. Tamén apunta á necesidade de adaptación e actualización do idioma, coa súa incorporación á vida urbana e á civilización contemporánea. Neste terreo, coma noutros, Piñeiro maniféstase extraordinariamente optimista, pois considera que se trata basicamente de problemas técnicos (por sinal, entende que a ortografía é «enteiramente convencional»), problemas que se resolverán «sen grandes dificultades». Efectivamente, en 1970/1971, por iniciativa e obra de Piñeiro e do antes citado Ricardo Carballo Calero, a Real Academia Galega aproba as primeiras *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*; pero, como decontado máis adiante se poría de manifesto, isto só constituíu unha solución precaria e provisoria ao problema da norma.

Finalmente, Ramón Piñeiro aborda o prexuízo ideolóxico, que el considera que «vai asociado a un tipo de ideoloxía que en nome do progreso refuga a pluralidade idiomática por coidar que debe ser substituída pola vixencia dunha única lingua universal». Desenvolve aí o pensador unha fina crítica da visión puramente instrumentalista das linguas, característica da civilización contemporánea, que as reduce a unha pura función comunicativa/denotativa, ignorando a importantísima función expre-

siva e a súa condición de órgano do pensamento. Piñeiro relaciona máis ben aquela visión instrumentalista co racionalismo tecno-científico, deixando na sombra a racionalidade económica que subxace ás fortes presións cara á uniformización lingüística e a conseguinte redución ou eliminación da diversidade. Tampouco trata, desta vez por razóns obvias (lembramos o contexto histórico), das ideoloxías nacional-estatalistas que, concretando no caso español, apuxan cara á imposición do castelán e a subordinación das linguas nacionais da periferia.

O discurso de Piñeiro non é, xaora, un tratado de sociolingüística científica. Pero evoca unha boa parte tanto dos desafíos sociolingüísticos que tería que abordar Galicia nas décadas seguintes, canto das preocupacións que motivaron unha boa parte das pesquisas e debates que desenvolvería a sociolingüística galega como campo de estudo científico: a desigual distribución social do galego e o castelán, a expansión funcional da lingua (ensino, medios de comunicación, igrexa), a norma lingüística, a depuración e modernización do idioma, o debate entre o uniformismo e o pluralismo lingüísticos. Piñeiro apunta algunhas nocións clave que serán amplamente manexadas tamén como explicación de boa parte deses problemas (*prestixio, actitude, prexuízo*), que foron comunmente aceptadas, e que quizais sexan merecentes dunha revisión crítica.

2. A CRISE DA CONSCIENCIA LINGÜÍSTICA DE GALICIA: INFORME DRAMÁTICO (1973)

Esas cuestións tomarían estado de temas de debate público pouco máis tarde, a partir do ano 1973, cando saen á luz, case simultaneamente o libro *Informe—dramático—sobre la lengua gallega*, do profesor Xesús Alonso Montero (Montero, 1973), e un par de artigos, o primeiro do filólogo portugués Manuel Rodrigues Lapa, «A recuperação literaria do galego» (Lapa, 1973, publicado un ano antes en Portugal, na revista *Colóquio / Letras*), e o segundo, a réplica que lle dirixe Ramón Piñeiro, «Carta a Don Manuel Rodrigues Lapa» (Piñeiro, 1973).

Nos aspectos que nos interesan aquí, o ensaio de Xesús Alonso Montero comeza por sinalar que «la conflictiva realidad gallega no ha producido una sociolingüística a la altura de las circunstancias». Aparece, pois, a nova disciplina ou campo de estudo, mencionada polo seu nome, pero tamén se propón unha análise crítica de nocións tales como *bilingüismo* e *diglosia*, incluso cunha primeira aproximación rudimentaria ao que despois se denominaría *análise da conversa*. Pero, ao meu entender, o máis importante deste ensaio é a constatación de que os cambios sociais en curso, particularmente a industrialización e a urbanización, nun contexto de exclusión do galego dun sistema educativo en plena expansión e duns medios de comunicación de masas cunha capacidade de penetración social nunca vista, abocaban á sociedade galega a un dilema inescapábel: ou a recuperación do galego en condicións debidas (enúncianse na obra as mínimas: uso vehicular no ensino básico e intensivo medios de comunicación e difusión popular do teatro e de textos impresos en galego), ou a condena á desaparición, que se anuncia inminente.

Neste ensaio (pois dun ensaio se trata), Xesús Alonso Montero pon radicalmente en cuestión o ideoloxema que os sociolingüistas occitanos denominaron *conxectura de eternidade* (Robert Lafont), unha visión segundo a cal a perpetuación do idioma do país está garantida na medida en que está asegurada a pervivencia do campesiñado, dando por suposto que tanto a existencia desta clase social coma a súa asociación coa lingua propia son feitos naturais, que foxen ás lóxicas da historia. Tal cuestionamento apuxa o ensaísta, como acabamos de sinalar, a formular outra conxectura polémica e profética, que pasou a ser denominada *tese da morte da lingua*. A publicación desta obra, e concretamente a formulación desta profecía, deu azo a un amplo debate, á calor do cal nace a sociolingüística galega propiamente dita, como máis adiante mostraremos.

3. O DEBATE NORMATIVO: GALEGO, PORTUGUÉS, BRASILEIRO

Antes de considerar as secuelas do *Informe dramático*, imos referirnos brevemente á controversia entre Rodrigues Lapa e Piñeiro á que previamente nos referimos. O profesor Manuel Rodrigues Lapa (1897-1989), un intelectual portugués caracteristicamente liberal e nacionalista (ao estilo do '98 español), foi un dos filólogos portugueses do século XX que mantivo unha relación máis estreita coa cultura galega. El propio perseguido pola ditadura salazarista, nos anos sesenta reatou os antigos contactos cos círculos galeguistas, en particular co grupo nucleado arredor da Editorial Galaxia, un dos máis importantes grupos organizados de resistencia cultural democrática contra o franquismo. En 1972, Lapa lanza a súa proposta *reintegracionista* no artigo que antes citamos, «A recuperación literaria do galego», no que propón que «sendo o portugués actual a forma que tería o galego se o não tivessem desviado do camiño propio, este aceite uma língua que lhe é brindada numa salva de prata» (1972, p. 286), pois, como el mesmo resume «a recuperação literaria do galego, que ainda não está feita, nem sequer talvez esboçada, só poderá entender-se como um trabalho de aproximação das formas do português literário. [Parto] da premissa, suposta incontestável, de que o padrão literário do galego deverá ser necessariamente o português. E essa objectiva portuguesa repele o estado de configuração do galego actual como língua literaria. Se não existisse o português, o caso era diferente; assim o galego, propriamente dialecto do português, terá de ajustar-se a essa realidade» (Lapa, 1979, p. 74).

Tanto a idea de que os esforzos polo cultivo do galego realizados desde a segunda metade do XIX estaban mal encamiñados (ata o punto de considerar que a recuperación literaria deste idioma nin sequera podía considerarse *esbozada*), canto á súa concepción do galego como *dialecto* do portugués, foron amplamente contestadas na Galiza. Quen máis pronta e argumentadamente deu réplica a Lapa foi, como dixemos, Ramón Piñeiro, un grande amigo do filólogo portugués. En resume, este sostén: «A min, paréceme claro que hai unha primeira etapa común, a etapa medieval, a etapa do galego-portugués. Hai unha segunda etapa, a etapa moderna, en que esa lingua común medieval se diferencia en dúas linguas irmás, o galego e o portugués. E hai unha etapa

que agora comeza, unha terceira etapa, na que non son dúas, senón tres as linguas que xurdiron do tronco común galego-portugués: o galego, o portugués e o brasileiro. Se cadra, moitos portugueses refugarán, mesmo con escándalo, esta afirmación. Con todo, resultáralles máis doado negar o feito que impedilo [...] Non é o portugués moderno o herdeiro literario único do galego-portugués orixinario, senón que hai tres herdeiros, tres continuadores: o galego, o portugués e o brasileiro» (Piñeiro, 1973, p. 401).

Piñeiro tamén defende a posición tradicional do galeguismo contemporáneo: procurar o apoio no portugués para a modernización do galego, e fomentar unha aproximación decidida da cultura galega ás culturas de expresión portuguesa, nestes termos: «a política a seguir na fixación do galego culto debe orientarse decididamente á consolidación de todo o que houber de común no galego e no portugués, e na incorporación do vocabulario técnico tamén debemos tender á maior identidade das dúas linguas irmás. Debemos igualmente procurar un crecente e cada vez máis profundo intercambio cultural, de xeito que cheguemos a ter un coñecemento verdadeiramente familiar das tres culturas. Nesta liña de achegamento, a actitude galega será sempre aberta e entusiasta» (Piñeiro, 1973, p. 402); porén, advirte de xeito moi explícito: «Mais será achegamento desde o galego, non renunciando ao galego.» O autor expresaba o consenso xeral da intelectualidade galeguista coeva. Porén, a partir do artigo de Rodrigues Lapa, foise desenvolvendo unha corrente *reintegracionista*, que postula diversos chanzos ou modalidades de aproximación do galego ao portugués, e que sobre todo insiste na necesidade dunha radical reforma ortográfica, refundadora da tradición escrita do galego moderno. A figura máis relevante dese movemento sería, a partir de 1975 e ata o seu pasamento, o profesor Ricardo Carballo Calero, tamén el, antes de se tornar o principal estandarte do reintegracionismo, un dos máis esclarecidos membros do citado grupo Galaxia (Carballo Calero, 1981, 1983, 1990).

O debate sobre o estatus lingüístico do galego pon de manifesto as dificultades para integrar os idiomas cunha historia e nunha situación sociocultural non normalizada, no vello paradigma das filoloxías nacionais forxadas no século XIX, coas súas dicotomías falsamente simplificadoras do tipo lingua/dialecto, sustentadas, de feito, nunha concepción da lingua como sistema homoxéneo, cunha soa variedade lexítima, o estándar. Unha visión da lingua inseparábel das nocións sobre a nación e a cultura asociadas á emerxencia e consolidación dos estados nacionais europeos. Na miña opinión, a posición de Ramón Piñeiro expresa a emerxencia dun novo paradigma, de orientación sociolingüística, que permite lexitimar as variedades lingüísticas en proceso de emerxencia, no marco dunha concepción polisistémica das linguas na que caben nocións como o pluricentrismo ou a polielaboración. Galego e portugués serían exemplos de polielaboración dun diasistema histórico, e portugués europeo e brasileiro ilustrarían o fenómeno do pluricentrismo.

En todo caso, o que aqeece subliñar aquí é que o optimismo expresado por Ramón Piñeiro no seu discurso de 1967 se revelou pouco realista, pois o debate sobre a norma gañou unha enorme saliencia a partir da proposta de Lapa, e sobre todo despois de 1980 (téñase en conta que en 1982 foron aprobadas as primeiras normas ortográ-

ficas e morfolóxicas oficiais do galego), e aínda hoxe non se pode dar nin por totalmente esclarecido desde o punto de vista teórico (ou mellor, desde o punto de vista disciplinar da sociolingüística), nin tampouco por definitivamente resolto no plano práctico. O que si se conseguiu, sobre todo a partir da reforma da normativa oficial aprobada en 2003, foi un relativo reencarreiramento do debate, de xeito que non interfira gravemente nos esforzos pola normalización do idioma, como aconteceu nas décadas de '80 e '90. Semella que, contra o que sostiña Piñeiro, a cuestión da ortografía non é soamente un asunto de pura convención, mais tamén de tradición, con fondas implicacións no plano simbólico.

Sexa como for, existe un amplo consenso de fondo sobre a necesidade de estreitar lazos culturais e de todo tipo de Galicia cos países lusófonos e mais de favorecer a aprendizaxe e difusión do portugués no noso país. Sobre ese consenso, e apuxado pola aguda consciencia dos enormes desafíos que o galego debe afrontar, vaise consolidando a colaboración (ou polo menos a non agresión) entre as distintas correntes *normativas*. A emerxencia do Brasil como potencia mundial, e cunha situación e unha cultura lingüística en certo senso máis afíns ás de Galicia que o propio Portugal (máis flexíbel, aberta á diversidade e ao pluricentrismo), é un elemento facilitador de peso crecente, e se cadra no futuro, decisivo. De feito, estamos en pleno proceso de fomento das políticas do coñecemento e recoñecemento mutuo, e concretamente nos últimos anos estamos trabando unha arrequentadora relación coa lingüística e a sociolingüística brasileiras, que temos a esperanza de que darán un importante froito no futuro. A información e as explicacións que acabamos de facilitar son extremadamente lacónicas, mentres que a bibliografía sobre o asunto é oceánica, aínda que de calidade moi irregular; para o lector interesado, remitimos a tres traballos de investigación sobre o tema vertente realizados baixo a nosa dirección, que cobren un amplo período e abranxen amplas bibliografías (Alonso Pintos, 2002, 2006; Sánchez Vidal, 2010).

4. PROFECÍAS AUTOCUMPRIDAS: DÚAS CORRENTES DA SOCIOLINGÜÍSTICA GALEGA

Voltemos unha vez máis o noso ollar para a década dos '70. O *Informe dramático* de Xesús Alonso Montero recibiu críticas, especialmente en relación coa tese da *morte da lingua*, basicamente desde dúas posicións distintas. Unha vén representada por Guillermo Rojo, que comezaba daquela unha brillante carreira académica que o levaría á secretaría da Real Academia Española (Rojo, 1973). O voceiro da outra foi Francisco Rodríguez, intelectual que acabaría por dedicarse á política, ata conseguir un escano no Parlamento Español como deputado do Bloque Nacionalista Galego, e máximo dirixente durante estas décadas da Unión do Pobo Galego (Rodríguez Sánchez, 1976). En resumo, Guillermo Rojo critica na obra de Alonso Montero, sobre todo, a escasa fundamentación tanto teórica como empírica do seu discurso, e en particular da célebre tese da morte da lingua. Na crítica a esta tese coincide tamén Francisco Rodríguez, que desde unha perspectiva máis glotopolítica denuncia no

fondo do texto unha «filosofía totalmente desesperanzada sobre a sorte que vai correr a lingua no futuro», «que incita ao abandonismo», e constitúe unha «contribución ao desalento».

O que se atopa no fondo de ambas as dúas críticas, no punto concreto da tese da morte da lingua, é a noción de *selffulfilling prophecy*, un fenómeno de grande importancia para entender determinadas dinámicas sociais, sinalado por Robert Merton, que a Wikipedia define atinadamente como «a prediction that directly or indirectly causes itself to become true, by the very terms of the prophecy itself, due to *positive feedback* between belief and behavior» (http://en.wikipedia.org/wiki/Self-fulfilling_prophecy, consultado o 25/5/2011). Sen dúbida, os procesos de substitución/recuperación da lingua teñen abondo de profecías autocumpridas ou autodirixidas, no sentido de que as expectativas sociais sobre a previsíbel fortuna de cada unha das linguas concorrentes inflúen, sen ningunha dúbida, na propia evolución da situación. Porén, é interesante constatar que as teses da morte da lingua, tan criticadas nos mediados dos anos setenta, foron asumidas por boa parte do activismo social a favor do galego a partir dos anos noventa, como logo mostraremos.

A partir desas dúas reaccións perante o *Informe dramático* comezan a perfilarse dúas orientacións, visíbelmente contrapostas, que dominarán a sociolingüística galega por un cuarto de século. Por unha banda, unha corrente de sociolingüística que podemos denominar académica, vinculada ao eido universitario, con intereses basicamente cognitivos, de carácter descritivo, durante un tempo envorcada na realización de inquéritos de campo cuantitativos. Por outra banda, unha sociolingüística *de intervención*, escasamente preocupada polo traballo empírico e a fundamentación teórica, estreitamente vinculada ao nacionalismo de esquerda, debuzada na análise crítica dos aspectos glotopolíticos e ideolóxicos (en particular, o marco legal e as políticas gubernamentais) e orientada cara á acción sociopolítica.

5. INQUÉRITOS DEMOLINGÜÍSTICOS. A SÚA IMPORTANCIA

É certo que xa na primeira década dos '70 se dera unha aproximación a este tipo de estudos, cos inquéritos realizados ao fio do *Informe sociolóxico sobre la situación social de España* (1970), do estudo *La cuestión regional española* (1974), e sobre todo da monografía sobre *Las familias da provincia de Pontevedra: galleguidad y conflicto lingüístico* (Ayestarán y Cueva, 1974). Aínda así, foi Guillermo Rojo, co traballo *Aproximación a las actitudes lingüísticas del profesorado de EGB en Galicia*, o que abriu o camiño en Galicia para unha sociolingüística máis empírica, de carácter descritivo e con pretensións académicas (Rojo Sánchez, 1977; véxase tamén Rojo Sánchez, 1981 e 1982). Durante a década dos oitenta, realízanse varias teses de doutoramento e outras investigacións con esa orientación, que comezaron a encher a grande lagoa que existía de información empírica sobre a distribución demográfica, sociolóxica e territorial das variables sociolingüísticas fundamentais. No mesmo senso, viñeron contribuír tamén os Censos de Poboación e Vivenda, que a partir de 1991 incluíron preguntas sobre lin-

gua inicial, coñecemento e usos lingüísticos en Galicia, ademais doutros traballos realizados por axencias estatais (nomeadamente o Centro de Investigaciones Sociológicas) ou por investigadores foráneos (véxase Monteagudo y Santamarina, 1993).

Pero, nesta orientación, a investigación que supón un auténtico fito no coñecemento dos datos demográficos e sociolóxicos básicos da situación sociolingüística de Galicia, e cun impacto profundísimo na conciencia lingüística galega, foi o Mapa Sociolingüístico de Galicia, elaborado por un equipo acubillado na Real Academia Galega, nominalmente encabezado por Guillermo Rojo, pero efectivamente dirixido por Mauro Fernández, coa colaboración de Modesto Rodríguez Neira. O tamaño da mostra dá idea da magnitude da empresa: 38.897 entrevistas, cun cuestionario con 148 preguntas. Un resumo dos resultados desta amplísima investigación foi ofrecido en tres volumes, baixo os títulos respectivos de *Lingua inicial e competencia lingüística*, *Usos lingüísticos*, e *Actitudes lingüísticas* (Fernández Rodríguez y Rodríguez Neira, 1994, 1995, 1996).

Non procede arestora ofrecer nin sequera un resumo dos resultados do MSG, indiquemos soamente que, por unha banda, estes mostraban unha lingua cunha notábel fortaleza demográfica pero cun futuro minguanete. Algúns datos que avalan a idea da relativa fortaleza demográfica do galego: máis do 62 % dos entrevistados declaraban ter o galego como lingua inicial, e o 11 % declarábase bilingüe inicial (gráfico nº 1) (Fernández Rodríguez y Rodríguez Neira, 1994, p. 39). Canto á lingua habitual, o 39 % dos entrevistados declaraba falar só en galego na súa vida diaria, o 30 % declaraba falar máis galego, o 21 % máis castelán e o 10 % só castelán (gráfico nº 2) (Fernández Rodríguez y Rodríguez Neira, 1995, p. 49). Pero a debilidade prospectiva poñíase de manifesto cando se cruzaban as variables sociolingüísticas anteriores con outras sociolóxicas, nomeadamente a *idade* dos enquisados: por caso, a lingua habitual era só galego ou máis galego para case o 85 % dos maiores de 65 anos, mais para menos do 47 % do grupo entre 16 e 25 anos (gráfico nº 3). Xa que logo, a porcentaxe de falantes habituais de galego reducírase case á metade nas dúas últimas xeracións (Fernández Rodríguez y Rodríguez Neira, 1995, p. 50).

Este último tipo de resultados, que puñan de relevo que o proceso de substitución lingüística avanzaba a ritmo acelerado, provocaron a alarma. A perspectiva que espreitaba no horizonte era que nun lapso dunhas tres décadas o galego se tornaría unha lingua demograficamente minoritaria en Galicia. Por parte, a sociolingüística que antes denominamos *de intervención* atopou neste punto un apoio non só para criticar as políticas lingüísticas dos sucesivos gobernos autónomos, senón tamén para impugnar o marco glotopolítico instaurado coa democracia e a autonomía. Nin sequera se reparou moito en que o grupo de idade máis nova abranxido polo inquerito estaba constituído por persoas nadas entre 1968 e 1976, isto é, xusto nos últimos anos do franquismo e antes do establecemento da democracia e a autonomía. Un tanto paradoxalmente, a partir de aí o activismo social a favor do galego fixo súas as teses da morte da lingua, que tan criticadas foran na década dos '70.

Naquel momento, tampouco ninguén chamou a atención sobre outros resultados da enquisa que parecían contradicir a caracterización da dinámica sociolingüística de

Galicia en termos de bilingüismo substitutivo. Así, o cruzamento da lingua inicial coa habitual daba uns resultados un tanto inesperados (gráfico nº 4): os galego falantes iniciais mantiñan moito máis a súa lingua materna cós castelán falantes iniciais. Dos primeiros, só o 4,8% mudaran cara a lingua habitual *máis castelán* ou *só castelán*, mentres que dos segundos, os castelán falantes iniciais, máis do 17% declarábanse falantes habituais do galego (só galego ou *máis galego*) (Fernández Rodríguez y Rodríguez Neira, 1994, p. 49-50).

O Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, cun equipo case totalmente distinto ao que traballou no Mapa de 1992, realizou unha nova enquisa para actualizar o Mapa Sociolingüístico de Galicia en 2004, do que ata o momento só se publicaron os resultados correspondentes á lingua inicial, competencia lingüística e usos (González González, 2007, 2008); está por aparecer o volume correspondente ás actitudes. Porén, á hora de deseñar este inquérito, tomáronse decisións que resultaron grandemente controvertidas: por caso, o universo base da mostra só abrangue a poboación de 15 a 54 anos, e concentrouse nas cidades con máis de 50.000 habitantes. Por iso, os resultados deste inquérito non resultan doadamente comparables co realizado en 1992, así que non hai xeito de construír unha serie temporal coherente que permita reconstruír acadamente a evolución da situación sociolingüística. Por outra banda, a extrapolación dos resultados da enquisa ao conxunto da poboación galega resulta máis ca dubidosa.

Ademais, na década pasada, 2000-2010, o Instituto Galego de Estatística comezou a realizar enquisas anuais sobre as condicións de vida das familias, con mostras próximas ás 20.000 entrevistas, que toman como unidade mostral o fogar. Na enquisa correspondente a 2003 incluíuse un módulo sobre *coñecemento e uso do galego* (véxase Monteagudo y Lorenzo, 2005). Perante o interese que suscitaron os resultados desa enquisa, o IGE comprometeuse a recoller datos sociolingüísticos cada cinco anos, de maneira que xa dispoñemos tamén dos resultados da enquisa correspondente a 2008. Estes cuestionarios foron concibidos para facilitar a comparabilidade co Mapa Sociolingüístico de Galicia de 1992, o cal nos permite construír unha serie cronolóxica coherente (Monteagudo, 2010a).

Nestes momentos, estamos precisamente a traballar na análise detallada da evolución da lingua nos últimos cincuenta anos, prestando atención especial aos cambios de lingua, tanto na transmisión interxeneracional, coma ao longo da vida. Como antes sinalamos, globalmente o primeiro tipo de cambio deita un resultado desfavorábel ao galego, pero, engadimos agora, a desgaleguización véñse desacelerando desde a década dos '70; mentres que o segundo tipo de cambio é globalmente favorábel ao galego, aínda que segundo os datos máis recentes, nos últimos anos tamén se está desacelerando e reequilibrando (Monteagudo y Lorenzo, 2005, p. 70-78). Este é un dos proxectos en marcha que agardamos nos axude a botar luz sobre as condicións facilitadoras do cambio lingüístico, tanto en sentido substitutivo como en sentido restitutivo, e sobre a mudanza que estas veñen experimentando nas últimas décadas.

6. POLÍTICA LINGÜÍSTICA

O labor do Instituto Galego de Estatística no ámbito da demolingüística vén sendo auspiciado polo Consello da Cultura Galega. Este é un organismo estatutario, de carácter oficial pero non gobernamental, con funcións de estudo das necesidades culturais do pobo galego e alto asesoramento aos poderes públicos de Galicia. A súa actividade organízase a través de seccións temáticas, entre as cales a que nos aquece citar aquí é a Sección de Lingua. O labor desta Sección no ámbito que nos interesa comezou na década dos '80, cando promoveu a realización de inquéritos sobre o uso do galego e as actitudes lingüísticas no ámbito da educación e da Igrexa: *O galego no ensino público non universitario* (1987), *O galego na universidade* (1988) e *O idioma da Igrexa en Galicia* (1989). Na década seguinte, promoveu estudos deste tipo noutros ámbitos: a situación do galego nas comarcas estremeiras de Asturias, León e Zamora (1992), primeiro deste tipo, a acción normalizadora nas administracións (*O futuro da lingua*, 1997), ou no ámbito empresarial e comercial (*Vender en galego. Comunicación, empresa e lingua en Galicia*, 1997).

En 1997, o Consello da Cultura Galega creou un Centro de Documentación Sociolingüística, coa finalidade de recolla, organización e difusión selectiva de información, tamén mediante asesoramento, orientación e consulta da información relativa á sociolingüística, glotopolítica e planificación lingüística en Galicia. Desde 1998, este centro vén organizando anualmente uns Encontros para a Normalización Lingüística, que constitúen o foro periódico máis importante de reflexión e debate no noso ámbito, coa atención concentrada cara á planificación. Xustamente nesta área da glotopolítica e a planificación, o Consello da Cultura promoveu, inicialmente co apoio da Comisión Europea, o proxecto *Proceso de normalización do idioma galego, 1980-2000*, que tiña como obxectivo a avaliación dos resultados da política lingüística en Galicia nas dúas primeiras décadas de autonomía.

Dos catro volumes de resultados dese proxecto que saíron á luz (Monteagudo y Bouzada, 2002a, 2002b, 2003; Lorenzo, Ramallo y Casares, 2008), probabelmente o que tivo máis impacto foi o primeiro, por abordar por primeira vez a avaliación e análise crítica, en termos politolóxicos, das políticas lingüísticas en Galicia. Sen dúbida, os resultados desa avaliación influíron nunha importante decisión que a Xunta de Galicia tomou en 2003: impulsar a elaboración dun Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, que aprobaría unanimemente o Parlamento de Galicia en 2004. A Sección de Lingua do Consello da Cultura tamén organiza foros de reflexión e debate, coa participación de expertos foráneos, como o que celebramos en 2008, *Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade* (volume publicado en 2009), no que se analizaron cuestións como a perda de diversidade lingüística no mundo ou a política lingüística do Estado Español, ou, máis recentemente, o Seminario *Lingua, Sociedade e Política* (2009-2010), onde se estudaron e discutiron cuestións como os discursos sobre as linguas en España e Galicia nos últimos tempos e o papel dos medios de comunicación, ou identidade, lingua e estados na perspectiva europea. O volume que recolle os traballos presentados atópase no prelo.

Producíronse outras achegas de interese a este ámbito da política lingüística, pero ou ben entran directamente no terreo do debate político e ideolóxico, ou ben prestan atención fundamentalmente aos aspectos xurídico-legais. A autora máis importante no primeiro terreo é a profesora Pilar García Negro, que foi deputada do BNG no Parlamento de Galicia de 1989 a 2003, e quizais resulta a figura máis representativa do sector que antes caracterizamos como *sociolingüística de intervención*. O seu traballo con fasquía máis académica é o volume *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística*, adaptación da súa Tese de doutoramento (García Negro, 1991; véxase tamén García Negro, 1993, 2000). O conxunto de estudos máis notábel no ámbito xurídico é probabelmente o volume colectivo *Estatuto xurídico da lingua galega* (Ferreira, Nogueira, Tato e Villares, 2005), realizado por un grupo de profesores universitarios do dominio do dereito e un xurista.

7. SOCIOLINGÜÍSTICA INTERACCIONAL E ACTITUDES LINGÜÍSTICAS

Unha das liñas novidosas que xurdiron na sociolingüística galega na década dos '90 foi a da sociolingüística interaccional e interpretativa, que chegou da man do profesor Celso Álvarez Caccamo, formado nos Estados Unidos. Esta liña arrincou con moito pulo, e froito dela, á parte dos traballos do propio Celso Álvarez Caccamo (1993, 1997, 2003), radicalmente críticos co proceso de normalización lingüística, son varias teses de doutoramento, como *Prácticas discursivas, redes sociais e identidades en Bergantiños*, de Gabriela Prego Vázquez (véxase Prego Vázquez, 2002/2003), *Gltopolítica y genealogía del poder. El proceso de institucionalización del gallego desde la perspectiva de una (macro)política de la lengua*, de Mario J. Herrero Valeiro (autor que prestou atención particular ao debate ortográfico; véxase tamén Herrero Valeiro (1993, 2002-2003, 2009)), ou *Aproximación interaccional a la conceptualización del habla: las ideologías lingüísticas en Galicia como índice de la diferencia social*, de Lucía Domínguez Seco (véxase Domínguez Seco, 2001, 2002-2003). Porén, coa excepción de Herrero Valeiro, a produción académica relativa especificamente á sociolingüística galega deste sector nos últimos anos deveceu, ao paso que se incrementaron as intervencións públicas de carácter polémico e máis ou menos circunstancial de Caccamo.

No que atinxe ao estudo das actitudes lingüísticas, os dous traballos probabelmente máis salientables aos que podemos facer referencia nos últimos anos son a monografía de Ana Iglesias Álvarez (2002), abordaxe das actitudes e ideoloxías implícitas a través da análise do discurso producido en nove grupos de discusión. O estudo revela, entre outras cousas, que por baixo do discurso público ou politicamente correcto, existen moi diferentes actitudes perante a lingua dos grupos castelanfalantes e galego-falantes, aínda que ambos os dous coinciden no seu escepticismo ou reservas perante as políticas públicas de promoción do galego.

Pola súa banda, o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega abordou tamén unha investigación neste ámbito, destinada a elicitar e analizar as actitudes dun sector concreto da poboación, a mocidade, botando man de tres metodoloxías de pes-

quisa complementarias, de tipo cuantitativo e cualitativo: a técnica de máscaras ou *matched-guise technique*, as entrevistas e profundidade e os grupos de discusión. Esta investigación, publicada co título de *O galego segundo a mocidade* (González González, 2003), tamén constata a vitalidade de prexuízos tradicionais acerca do galego e os seus falantes, coa estigmatización dos falantes tradicionais de orixe rural, e a emerxencia doutro estereotipo negativo, asociado aos neofalantes urbanos, que son asociados co *nacionalismo*.

Quizais a pervivencia deses prexuízos e os correspondentes estereotipos axude a entender mellor o alcance da reacción contraria ás políticas de normalización lingüística que se ergueu en Galicia nos anos pasados, encirrada por uns medios de comunicación tradicionalmente reticentes perante os avances do galego, animada e politicamente capitalizada polo Partido Popular, que gañou as últimas eleccións autonómicas embandeirado no discurso da *liberdade lingüística* contra a *imposición do galego* (Monteagudo, 2009). En todo caso, na nosa opinión, os desenvolvementos sociolingüísticos dos últimos anos obrigan a unha reflexión en profundidade, da que probabelmente sairá a reformulación, nalgúns casos radical, dos marcos cos que estivemos traballando nas décadas anteriores. Non é este o momento, claro está, para emprender tal reflexión, senón para deixar apuntada a súa imperiosa necesidade (Monteagudo, 2010a, 2010b).

8. CABO

Rematamos esta excursión cunha observación e un par de reflexións. A observación refírese ao apoio institucional para a investigación sociolingüística. Coido que se deduce do que levamos exposto que as institucións que máis apoiaron o desenvolvemento da sociolingüística galega foron o Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega, esta última co soporte financeiro da Xunta de Galicia. Como é esperábel, as universidades tiveron un papel sobranceiro, pero quizais por debaixo do que cabía agardar. Estimamos que este campo de pescuda era e é merecente dunha atención e un respaldo á altura co seu interese estratéxico para Galicia, e estamos lonxe de conseguilos, por parte tanto do goberno galego como das universidades. A creación do Centro de Investigación Ramón Piñeiro en Humanidades e Ciencias Sociais, orientado máis ben aos estudos filolóxicos e *puramente* lingüísticos, e que recibe unha porcentaxe substancial do fondo destinado á investigación polo departamento de política lingüística, foi unha oportunidade perdida para a investigación sociolingüística analítica e aplicada en Galicia.

Non se discute aquí a conveniencia de tal centro nin do apoio aos campos de investigación que acolle, mais si que sexa o departamento de política lingüística do goberno galego o que lle forneza os fondos, cando é obvio que as prioridades deste departamento deben ir por outros camiños. En definitiva, cómpre establecer unha liña clara de apoio á investigación sociolingüística en Galicia, enmarcada nun programa de traballo que identifique as lagoas que hai que encher e as prioridades que hai que abordar.

Imos rematar, pois, falando de lagoas e prioridades. Entre as lagoas, chama a atención a escaseza de traballos sobre os aspectos propiamente lingüísticos do contacto entre o galego e o castelán (porén, véxase Silva Valdivia, 2006). Pero é máis notábel a falla de transversalidade ou transdisciplinaridade nas investigacións: é particularmente rechamante o escaso contributo dos científicos sociais (sociólogos, politólogos, economistas) e os especialistas das áreas de psicoloxía (sobre todo da psicoloxía social) e mais das ciencias da educación e da comunicación (así e todo, ademais dos traballos xa citados previamente, véxase Subiela, 2008 e 2010, e mais Silva Valdivia, 1994, 2008 e 2010). Non podemos estudar nin entender a situación sociolingüística de Galicia en toda a súa complexidade sen o concurso dunha pluralidade de disciplinas en diálogo, como tampouco podemos avanzar na normalización da lingua reservando esa tarefa aos especialistas en filoloxía galega.

Os tempos que veñen non parecen favorables, nin para o idioma galego en xeral, nin para a empresa sociolingüística en particular. Teremos que aplicar moita vontade, enxeño e habelencia para construír un porvir de noso, no canto de padecer un futuro imposto. Nesas estamos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO MONTERO, Xesús (1966). «Ensayo de bilingüística: galego e castelán frente a frente». *Grial*, núm. 13, p. 314-333.
- (1973). *Informe —dramático— sobre la lengua gallega*. Madrid: Akal.
- ALONSO PINTOS, Serafin (2002). *Para unha historia do estándar galego: As propostas do período 1966-1980*. Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia.
- (2006). *O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ÁLVAREZ CÁCCAMO, Celso (1993). «The Pigeon house, the octopus and the people: The ideologization of linguistic practices in Galicia». *Plurilingüismes*, núm. 6, p. 1-26.
- (1997). «Construíndo a Língua no discurso público, prácticas e ideoloxías lingüísticas». *Agália*, núm. 50, p. 131-150.
- (2003). «Contra a normalización: reconhecemento cultural e redistribución económica sob a dominación lingüística». *Agália*, núm. 73-74, p. 9-24.
- AYESTARÁN, Margarita; CUEVA, Justo de la (1974). *Las familias de la provincia de Pontevedra: Galleguidad y conflicto lingüístico*. Sevilla: Instituto de Ciencias de la Familia.
- CARBALLO CALERO, Ricardo (1981). *Problemas da língua galega*. Lisboa: Livraria Sá da Costa.
- (1983). *Da fala e da escrita*. Ourense: Galiza.
- (1990). *Do galego e da Galiza*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- DOMÍNGUEZ SECO, Luzia (2001). «Monolingüismo e purismo (a ideologización das prácticas de fala na Galiza)». *Revista Iberoamericana de Discurso y Sociedad*, núm. 3 (1), p. 9-41.
- (2002-2003). «Social prestige and linguistic identity: on the ideological conditions behind the standardisation of Galician». *Estudios de Sociolingüística*, núm. 3 (2) - 4 (1), p. 207-228.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Mauro; RODRÍGUEZ NEIRA, Modesto A. (coord.) (1994). *Língua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística.

- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Mauro; RODRÍGUEZ NEIRA, Modesto A. (coord.) (1995). *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística.
- (1996). *Actitudes lingüísticas en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística.
- FERREIRA FERNÁNDEZ, Antonio Xavier; NOGUEIRA LÓPEZ, Alba; TATO PLAZA, Anxo; VILLARES NAVEIRA, Luis (2005). *Estatuto xurídico da lingua galega*. Vigo: Xerais de Galicia.
- GARCÍA NEGRO, Pilar (1991). *O galego e as leis: Aproximación sociolingüística*. Vilaboa: Edicións do Cumio.
- (1993). *Sempre en galego*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- (2000). *Direitos lingüísticos e control político*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (dir.) (2003). *O galego segundo a mocidade*. A Coruña: Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística.
- (2007). *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004*. Vol. I: *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística.
- (2008). *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004*. Vol. II: *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega. Seminario de Sociolingüística.
- HERRERO VALEIRO, Mário (1993). «Guerre des graphies et conflit glottopolitique: lignes de discours dans la sociolinguistique galicienne». *Plurilinguïsmes*, núm. 6, p. 181-209.
- (2002-2003). «The discourse of language in Galiza: normalisation, diglossia, and conflict». *Estudios de Sociolingüística*, núm. 3 (2) - 4 (1), p. 289-320.
- (2009). «Caracterizaçãõ sociolingüística da comunidade lingüística da Galiza: âmbitos de análise do bilinguismo galego». En: *Galiza: Lingua e sociedade*. Santiago de Compostela: Academia Galega de Lingua Portuguesa, p. 141-157.
- IGLESIAS ÁLVAREZ, Ana (2002). «Falar galego». *No veo por que. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia*. Vigo: Xerais de Galicia.
- LAPA, Manuel Rodrigues (1973). «A recuperaçãõ literária do galego». *Grial*, núm. 41, p. 278-287.
- (1979). *Estudos galego-portugueses*. Lisboa: Livraria Sá da Costa.
- LORENZO SUÁREZ, A.; RAMALLO, F.; CASARES BERG, H. (2008). *Lingua, sociedade e medios de comunicación en Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- MONTEAGUDO, Henrique (2007). «Limiar». En: PIÑEIRO, R. *A linguaxe e as linguas*. Vigo: Galaxia, p. 9-46.
- (2009). *As razóns do galego: Apelo á cidadanía*. Vigo: Galaxia.
- (2010a). «Lingua, sociedade e política. Presente e porvir do galego». *Grial*, núm. 186, p. 83-89.
- (2010b). «Por un proxecto de futuro para o idioma galego. Unha reflexión estratéxica». *Grial*, núm. 188, p. 64-69.
- MONTEAGUDO, Henrique; BOUZADA, Xan (2002a). *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)*. Vol. I: *Política lingüística: análise e perspectivas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- (2002b). *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)*. Vol. II: *Educación*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- (2003). *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)*. Vol. III: *Elaboración e difusión da lingua*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- MONTEAGUDO, Henrique; LORENZO, ANXO (2005). *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

- MONTEAGUDO, Henrique; SANTAMARINA, Antón (1993). «Galician and Castilian in contact: historical, social and linguistic aspects». En: POSNER, Rebecca; GREEN, John (ed.). *Trends in romance linguistics and philology*. Vol. 5: *Bilingualism and linguistic conflict in romance*. Berlin; New York: Mouton de Gruyter, p. 117-173.
- PINEIRO, Ramón (1967). *A linguaxe i as línguas*. Vigo: Galaxia.
- (1973). «Carta a don Manuel Rodrigues Lapa». *Grial*, núm. 42, p. 389-402.
- PREGO VÁZQUEZ, Gabriela (2003). «¿De onde es?, ¿de quen es?: local identities, discursive circulation, and manipulation of traditional Galician naming patterns». *Estudios de Sociolingüística*, núm. 3 (2) - 4 (1), p. 229-253.
- RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Francisco (1976). *Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia*. Monforte de Lemos: Xistral.
- ROJO SÁNCHEZ, Guillermo (1973). *Alonso Montero, Xesús: Informe —dramático— sobre la lengua gallega*. Madrid: Akal editor, 1973, 230 p. [Recensión: *Verba*, núm. 1, p. 243-249]
- (1977). *Aproximación a las actitudes lingüísticas del profesorado de E. G. B. en Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Instituto de Ciencias da Educación.
- (1981). «Conductas y actitudes lingüísticas en Galicia». *Revista Española de Lingüística*, núm. 11 (2), p. 269-310.
- (1982). «La situación lingüística gallega». *Revista de Occidente*, núm. 10-11, p. 93-110.
- SÁNCHEZ VIDAL, Pablo (2010). *O Debate Normativo da Lingua Galega (1980-2000)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- SANTAMARINA FERNÁNDEZ, Antón (1998). *A linguaxe e as línguas. Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega.
- SILVA VALDIVIA, Bieito (1994). *Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico.
- (2006). *Castelanismos morfosintácticos no galego: Avaliación da competencia do alumnado*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- (2008). *Situación do ensino da lingua e da literatura galega na educación secundaria obrigatoria*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- (2010). *Avaliación da competencia do alumnado de 4º da ESO nos idiomas galego e castelán*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- SUBIELA, Xaime (2008). «As razóns da lingua galega». *Grial*, núm. 179, p. 32-47.
- (2010). «O idioma galego, alarmas e esperanzas». En: ÁLVAREZ POUSA, Luis (dir.). *Informe Galicia 2010*. Santiago de Compostela: Atlántica de Información e Comunicación de Galicia, p. 247-270.